



Parlamento das Letras: Arturo Casas

Publicado o [03/10/2012](#)

Cando un repasa a traxectoria autorial de Arturo Casas toma pronto conciencia da insólita coherencia que preside todos os seus pasos. Nun país coma o noso, tan dado a triscar ventureiras herbas literarias onde cadre, sen orde nin concerto aparente, sobrancea aínda máis unha aposta de concepto como a súa, onde o vaivén entre o creativo e o teórico non son senón pendulares orbitais dunha mesma matemática ontoverbal.

Casas escribe dende unha isocronía case extática, abisado nun océano no que se procuran nadires, umbrosas certezas do Eros ou Mnemosine, e só se obteñen lóstregos vagos e escuros fotogramas dun tempo feliz que esvae irremediabilmente. O poeta avanza pola gándara irta, cegado pola luz que anceia. Alúcase a derrota dun arcanxo en Peniel, un combate sen palabras, os límites do dicible, a voz do trono.

Todo devén miraxe da unidade, loita de Xacobe, puntos de fuga na granítica do baleiro, cartografías do momentum e ultimidades poéticas inconfesables.

Porque Arturo Casas é unha anomalía, un luxo de xenialidade que como país desbaldimos ingratamente. ¡Pero que contro, un día é un día e un peso, un peso...!

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

A estas alturas un debería saber que é un texto, pero o certo é que debo falar con precaución sobre tal etiqueta. Ignoro se isto que vou dicir lle ocorre a outras persoas que comparten os oficios da escrita. Para min non existe gran diferenza entre o acto de escribir un poema ou unha prosa das consideradas literarias e o acto de escribir un ensaio, un post, un traballo académico. A fábrica funciona de xeito parecido, as cada vez máis firmes resistencias a facelo actívanse igual, os pequenos praceres abrochan con semellanza. Os meus primeiros textos foron relatos e semblanzas escolares, tamén breves ou non tan breves ensaios sobre as obras maiores do canon occidental (esixidos no bo bacharelato que cursei), mesmo desenvolvementos físico-matemáticos e algunha guía de espazos e monumentos da cidade da miña infancia. Posteriormente, o rumbo académico levoume por sitios pouco propicios á fabulación. Sobre os trinta anos levei un premio de investigación que me concedeu basicamente Filgueira Valverde e me entregou Cuíña no castelo de Soutomaior. Por aquel tempo, até 1992 máis ou menos, escribín algún libro de poemas e dúas ou tres veces fun con eles a algún certame. Quedei finalista pero non gañei ningún. Como nunca fun moito de moverme en grupo o asunto foi ficando. Un día Fernando Bores, da Esquíu ferrolá, comentou que lle enviara o que acabaría sendo o meu primeiro libro de poemas a algúns poetas e críticos. Confiou no criterio dun deles, Arcadio López-Casanova, e pouco despois saíu aquel *Sombra de unidade*. Era o ano 90.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

A obra mellor tratada entre as miñas foi sen dúbida o blogue que mantiven durante algo máis dun ano e que se chamou *Lándoas*. En 2011 saíu unha escolma en Galaxia co título *Alusión*, aínda que xa non foi o mesmo. A diferenza de recepción con calquera outra proposta das asinadas por min é sideral. Supoño que o blogue tiña seguidores porque, alén de saír de balde, combinaba dous factores que sempre son agradecidos: sátira e humor pretendidamente analíticos sobre a realidade na que vivimos e as argucias dos que deciden por nós como individuos e como engrenaxe sistémica.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Resistirme a facelo e acabar perdendo. Tamén prender en canta silveira aparece durante o proceso da escrita, de modo que as excursións a outros textos e a outros libros son frecuentes. Eses libros levan a outros e aínda a máis, nun encaixe abismal. Cando regreso ao punto de partida xa nada é como era. Ese é o maior pracer da escrita para min: ser levado sen posibilidade de dicir “alto!” polos recunchos da biblioteca que fun facendo.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Non sum dignus.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Supoño que a pregunta vai referida á poesía, pero case preferiría falar da outra traxectoria, a que cunha palabra moi esaxerada aplicada a min poderíamos cualificar como intelectual. Unha e outra gardan algúns paralelismos. Pero o caso é que non hai traxectoria como tal. Nisto creo que ten razón Bourdieu e resístome a facer relato cronocausal sobre aquela ilusión do “como cheguei a ser o que son”. Un é o que leu, con quen riu e ao que dixo non. Fóra diso é pouco o que sei de min, e menos aínda o que me prestaría relatar. Por non saír completamente pola tanxente ocróreseme recuperar algo que escribín hai sete anos para un libro que se ía editar en Portugal e que no camiño se fanou. Decía o seguinte: “Se non resultase histriónica e excesiva a palabra para case calquera balance, se non parecese letra de tango ou reclamo dunha atención que non desexo, diría, como en forzada conversa de ascensor, que o poeta do meu nome fracasou en todos os obxectivos que algún día fixo propios. E dado que só subo até o segundo andar e *le temps s’en va*, declaro, a xeito de apeo das leiras de meu, isto que segue: asumín en *Sombra de unidade* un discurso próximo a un esencialismo metafísico e abstracto no que as quietudes místicas e os non-rostros pintados por De Chirico foron referente principal (o vello Dieste diría, de ver isto que conto, que quixen facer poesía a-confesional e estatuaría, con demouca do eu); concretei nas circungrafías de *Momentum* unha historia non desemeillante sobre o eu/ti inalcanzábeis, que quixo ser tamén gravura e danza sobre un taboleiro de xadrez/corpo para explorar o descentramento das identidades e o abismo que sempre representan as accións de coñecer o outro, autocoñecerse e despois contalo. En *Pedra de Nadir* acouguei na lírica para ollar a morte e a oquedade. Conmovido acaso polo tango aquel e non sabendo dominar o silencio, a poesía –escasa– que escribín nos últimos dez anos non me parece outra cousa que a impugnación –pode que algo cínica e oportunista– do previamente dito”. E nesas sigo.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Son patoloxicamente iconoclasta. No traballo como investigador literario e como crítico si regreso a lecturas doutro tempo, pero son basicamente as dos clásicos. E non tanto os literarios

como os da filosofía e a hermenéutica. Este capítulo, unhas páxinas aquí e acolá. En literatura, móvome máis por zonas que por nomes propios. Ou se prefires dicilo así, máis por estéticas, poéticas ou tendencias que por autores. Desde hai xa bastante tempo interésame sobre todo a poesía que intervéñen no espazo público, entendido este non nun sentido estritamente ideolóxico. E tamén me interesan a socioloxía cultural, a filosofía política e en xeral toda canta análise cultural observe o político do literario. Entre os autores galegos que máis veces revisito están os mesmos sobre os que teño publicado algunha cousa. Dieste, Chus Pato e Xosé María Álvarez Cáccamo, por exemplo.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Sóbralle preguiza intelectual e certa tendencia ecoica. Falta sentido crítico e autocrítico. Como en todas partes.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

É unha pregunta que nunca me formulei neses termos e que son incapaz de asumir. Quizais porque como escritor son máis ben fondista e confío pouco no meu *sprint*.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

O presente literario, cultural e artístico galego é prodixioso. Son dos que subscriben o xuízo de que, en termos sociolóxico-culturais, resulta difícil explicar que a situación persista *así* dadas as condicións sociopolíticas e económicas que o país experimenta e o rumbo xeral do consumo cultural no mundo. Existe un desaxuste obvio entre a Galiza actual e a Galiza posíbel, a que resiste na vontade dunha minoría culta, informada e politicamente consciente de algo tan sinxelo como que o futuro hai que pelexalo. No primordial, porque existen contraforzas que asumen un programa político dirixido a anular o que tanto esforzo levou erguer, desde unha industria cultural autónoma ao propio progreso na normalización lingüística; pero tamén porque a resposta a todo isto é insuficientemente intelixente e eficaz.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Só expresar o agradecemento pola túa atención e a dos teus lectores e lectoras.